

ASISTENTES:

Alba Castro, José Luís
Alberte Pivida, Rodrigo
Álvarez Moreira, José Ángel
Andrés Iglesias, Jesús
Arévalo Tomé, Raquel
Arias Acuña, Alberto Marcos
Arias González, Felipe
Bajo Palacio, Ignacio
Baltrusch, Burghard
Basalo Domínguez, David
Blanco Sierra, Javier
Bravo Bernárdez, Jorge
Bueno Alonso, Jorge Luis
Caamaño Martínez, José Carlos
Carballo González, M^a De Los Ángeles
Carballo Rial, Rosa
Caride Álvarez, Celso
Cebro Rodríguez, Xoán Manuel
Cid Fernández, Xosé Manuel
Conde Casas, Sofía
Corbacho Valencia, Juan Manuel
Costa González, Alicia
Couñago Méndez, Práxedes
Cristóbal Ortega, M^a Julia
Cuevas Alonso, Miguel
Cuiñas Gómez, Íñigo
De Lorenzo Rodríguez, Edita
De Oca Cancela, Guillermo
Diéguez Quintas, José Luis
Expósito González, Benedicta
Fariña Rodríguez, José
Fernández Fernández, Federico A.
Fernández Iglesias, Manuel José
Fernández Jauregui, Manuel
Fernández Manin, Generosa
Fernández Otero, Antonio
Fernández Pintelos, María José
Fernández Souto, Ana Belén
Ferreiro Vázquez, Óscar
Gándara Pérez, José Antonio
García Bugarín, Mercedes
García Estévez, José Manuel
García González, Marta
García Sánchez, Manuel
García Soidán, José Luís
García-Pintos Escuder, Adela
Gil Villanueva, José M^a
González Cerdeira, Julia
González Jorge, Higinio
González Santamaría, Pedro
Graña Rodríguez, Ana María
Gutiérrez Sánchez, Águeda
Hernández Sánchez, Jesús
Hidalgo Robatto, Bettiana Marcela
Iglesias Briones, María Jesús
Lantarón Caeiro, Eva M^a
Legido Soto, José Luis
López Lago, Marcos
López Pérez, Luís
López Sánchez, Óscar
Louzao Carreira, Alexandre
Loveira Pazó, Rosa M^a
Macías Cambra, Henrique
Mandado Vázquez, Alfonso
Martínez Martín, M^a José
Mato De La Iglesia, Salustiano

Acta da sesión extraordinaria do Claustro Universitario da Universidade de Vigo dos días **18 e 19 de xaneiro de 2018**, convocada ás 09.30 h en primeira convocatoria e ás 10:00 h en segunda no paraninfo da Reitoría do Campus de Vigo.

Ás 10:15 h do día 18 de xaneiro de 2018 deu comezo a sesión ordinaria do Claustro Universitario co obxecto de tratar a seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo
2. Eleccións a Claustro Universitario: aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador.

Antes do inicio da sesión, reúnen os membros da Mesa do Claustro para realizar o sorteo da letra para comezar as intervencións e definir o procedemento para a defensa, debate e votación do texto dos Estatutos.

Resultado do sorteo da letra: “G”

Acórdase que inicialmente o voceiro da Comisión de Modificación de Estatutos, Roberto Bustillo Bolado, realice unha presentación xeral do documento co borrador dos Estatutos, así como do proceso levado a cabo no seo da Comisión para a súa elaboración. Nun período máximo de 10 minutos.

Non habendo alegacións á totalidade, pasarase a continuación ao debate das emendas individuais.

Posto que o claustrais xa dispoñen do texto completo coas alegacións presentadas no seu poder artigo por artigo, o voceiro da Comisión poderá facer unha presentación por Títulos, nun tempo máximo de 10 minutos por título.

A continuación procederase ao debate das emendas presentadas a cada artigo do título, que deberán ser aprobadas por maioría.

Segundo a Normativa de aprobación de Estatutos, aprobada no Claustro de 20/11/2014, no caso de que unha alegación fora aprobada pola Comisión, enténdese que a Comisión a incorpora ao texto do borrador dos Estatutos, polo que non sería preciso votala, aínda que mencionará na presentación.

No caso de aquelas alegacións que foron rexeitadas pola Comisión pero aceptadas para o seu debate no Claustro, acórdase que o reitor chamará ao alegante principal para que realice a súa presentación, se así o desexa. No caso de aqueles alegantes que non son claustrais, foron invitados a participar con voz, pero sen voto. Tempo para a presentación da alegación: 5 minutos.

Meana Martínez, Juan Carlos
Míguez Miramontes, Jesús Manuel
Moldes Pita, Óscar
Nóvoa Rodríguez, Xosé Ramón
Pardo Froján, Juan E.
Patiño Vilas, David
Paz López, José
Paz Penín, Concepción
Pena Uris, Gloria M.
Peña Gallego, Ángeles
Pérez Cota, Manuel
Pérez Gómez, Luís
Pérez Juste, Ignacio
Pérez Paz, María Flor
Pérez Rodríguez, M^a Rosa
Pérez Sanmamed, Víctor
Pino García, Antonio
Porteiro Fresco, Jacobo
Posada González, David
Prieto Jiménez, Inmaculada
Quintáns Graña, Camilo
Quintás Corredoira, M^a Ángeles
Ramallo Fernández, Fernando
Reigosa Roger, Manuel Joaquín
Rey García, Daniel
Rey Losada, Francisco Jesús
Ríos Santomé, María José
Rivas Conde, Filemón
Rivera González, Paula
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez De Prado, Francisco
Rodríguez Martínez, Francisco Javier
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Rodríguez Vázquez, Virgilio
Sánchez Moreiras, Adela M.
Santalla Del Río, Verónica
Sieiro Vázquez, Carmen
Siota Álvarez, Mónica
Vallejo Pousada, Rafael
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Vázquez Dorrió, José Benito
Vázquez Otero, Elsa
Vázquez Vicente, Xosé Henrique
Vázquez-Rey Farto, Ernesto
Vera Isasa, María
Vila Alonso, Mercedes
DESCULPAN A SÚA AUSENCIA – 18/01/18
Barajas Alonso, Ángel Antonio
Bergantiño Cid, Gustavo
Bueno Alonso, Jorge Luis
Castro Cerceda, M^a Luisa
Cid Rodríguez, Tania
Fernández Acevedo, Rafael
Fernández Riverola, Florentino
Ferro Soto, Carlos
Fraiz Brea, José Antonio
Franco Matilla, María Inmaculada
García González, Silvia
García Señorán, M^a Del Mar
Iglesias Blanco, Raúl
López Rubianes, Lucrecia M^a
Mandado Vázquez, Alfonso
Pato Rodríguez Santiago Eduardo
Posada González, David
Pou Saracho, Juan María
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Santos Reyes, Valentín
Vázquez Dorrió, José Benito

Establécese que comezará a rolda de réplica o voceiro da Comisión, expoñendo os argumentos da mesma por un período de 3 minutos. A continuación, intervirán os claustrais que o desexen, comezando pola letra sorteada.

Finalizado o debate, procederáse á votación.

Para facilitar o proceso, repartiranse cartolinas de cores. Acórdase que ao longo de todos os puntos, a votación a favor do texto proposto pola Comisión (que é a que aparece en primeiro lugar) empregarase a cartolina de cor vermella. Para votar a favor da alegación empregarase a cor azul. O voto en branco emítese coa cartolina desa cor.

Tan só hai un artigo no que existe a necesidade, *a priori*, de usar tres cores, xa que hai dúas emendas, nese caso acórdase que a favor da Comisión, cor vermella; a favor da 1^a emenda, cor azul e, a favor da 2^a emenda, cor amarela.

Do mesmo xeito, votarase no caso das transaccionais: se existe só unha, será a que propón a Comisión, polo que o voto a favor será en cartolina vermella. No caso de que existan dúas transaccionais, a que aparece en primeiro lugar é a que defende a Comisión, polo tanto cor vermella. O voto a favor da outra, sería azul.

Finalizado o debate da totalidade das emendas, poderá propoñerse a aprobación do texto dos Estatutos por unanimidade ou pode ser necesaria á votación, no que se manterá o mesmo criterio: cor vermella a favor do texto, en contra azul.

No caso de que se proceda á votación, lembra a secretaria xeral que a Normativa de Modificación e Aprobación dos Estatutos da Universidade de Vigo (Claustro 20-11-2014), no seu artigo quinto, establece que:

A aprobación da modificación dos Estatutos requirirá, en primeira votación, o voto da maioría absoluta do Claustro, ou dos dous terzos dos claustrais presentes en segunda, sempre que o número destes sexa igual ou superior á metade dos membros do Claustro.

Lembra tamén as condicións de quórum. Sendo 192 o número de membros do Claustro, o quórum necesario para a iniciar e desenvolver a sesión será de 64 claustrais; para a aprobación do texto son precisos, en 1^a votación, 97 votos (maioría absoluta) e en 2^a votación os 2/3 dos presentes, sempre que estean presentes 96 membros, como mínimo.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA – 19/01/18

Álvarez Moreira, José Ángel
Cid Rodríguez, Tania
Durán Vázquez, José Francisco
Fernández Fustes, M^a Dolores
Fernández Riverola, Florentino
García González, Silvia
García Señorán, M^a Del Mar
Gómez Rodríguez, Alma María
Iglesias Blanco, Raúl
Llamas Nistal, Martín
López Fernández, Joaquín
Moldes Pita, Oscar
Picos Martín, Juan
Rodríguez Rajo, Fco. Javier
Tugores Martorell, Francisco
Zas Varela, Mónica

Finalizada a reunión da Mesa do Claustro, o reitor dá comezo á sesión, dando a benvida aos membros do Claustro, e dando lectura aos nomes dos que xustifican a súa ausencia e que figuran na marxe desta acta. De igual xeito, indica ás persoas que foron invitadas por teren presentado alegacións e non ser membros do Claustro. Dá conta tamén da invitación aos membros da Comisión de Modificación de Estatutos e, tras dar lectura aos seus nomes, agradece de xeito expreso a todos e todas á súa labor ao longo do tempo de elaboración dos Estatutos, a súa implicación e o alto grao de consenso acadado.

A continuación pasa a informar dos acordos tomados pola Mesa de Claustro e indica que no caso de non rematarse o debate hoxe, a sesión continuará ao día seguinte.

Punto 1. Aprobación, se procede, do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo.

Antes de dar comezo ao debate, explica o reitor que maila teren todos os membros do Claustro o documento completo, proxectarase na pantalla o texto dos artigos e das alegacións que serán tratados (**Anexo I**). A continuación cede a palabra ao profesor Roberto Bustillo, secretario e portavoz da Comisión de Modificación de Estatutos, para a presentación xeral de dito texto.

Comeza realizando unha contextualización dos Estatutos da Universidade como norma básica da mesma, destacando a súa importancia en primeiro lugar porque define o que é a propia Universidade, que fai e como o fai, e quen son os membros da comunidade universitaria, que fan, que deberes e dereitos teñen e como queren ser gobernados. E, en segundo lugar, porque de todas as normas que nos afectan, esta é a norma de máis calado sobre a que podemos incidir directamente, cos límites da legalidade vixente e da vontade maioritaria do Claustro. Expón o proceso de modificación de Estatutos seguido, dende que o Claustro de 9 de decembro de 2014 acordou poñelo en marcha, como consecuencia de cumprir coa obriga que impón a todas as universidades do SUG a disposición adicional sexta da Lei 6/2013 do Parlamento de Galicia, que foi considerada como unha oportunidade de acadar catro obxectivos que guiaron a redacción do texto. O primeiro é a adaptación dos Estatutos aos cambios legais dos últimos anos, incluíndo as posibilidades que brinda a lei da Ciencia. O segundo, facer cambios aprendendo da experiencia propia e comparada doutras universidades. O terceiro obxectivo é acadar un texto sinxelo, fácil de manexar, eliminando contidos que non son necesarios, ben porque xa está recollido en normas de rango superior, ou ben porque o seu detalle fai necesario que se desenvolva en posteriores regulamentos. Deste xeito, pasáronse dos 164 artigos nos Estatutos vixentes, aos 118 artigos do proxecto presentado. Como cuarto obxectivo, establece o desexo de que os novos Estatutos contribúan a mellorar a gobernanza, permitindo flexibilidade co máximo respecto á legalidade vixente, de xeito que permitan o desenvolvemento de políticas universitarias a diferentes equipos de goberno.

Lembra que o Claustro delegou a redacción da proposta de modificación dos Estatutos nunha Comisión presidida polo reitor integrada por un total de dezasete membros, representativos de PDI, PAS e estudantes, don diferentes orientacións políticas e sensibilidades, deliberadamente plural. Tras dous anos e medio de traballo, preto de corenta reunións en grupos de traballo e en plenos, finalizou o seu traballo o pasado 19 de setembro, consensuando e aprobando por unanimidade o texto que se somete a debate polo Claustro. Continúa expoñendo que o texto procede dun borrador de anteprojecto elaborado pola Comisión en maio e sometido á exposición pública no mes de xuño. O trámite de información pública permitiu que toda a comunidade universitaria, tanto claustrais como non claustrais, puidera participar coa

presentación de emendas e suxestións. Agradece a participación de todos e indica que, en total, presentáronse 79 achegas, das cales 25 foron estimadas pola Comisión, 14 deron lugar a transaccionais e o resto foron desestimadas, algunhas con dereito a seren defendidas hoxe e outras, non. Considera que o debate e reflexión realizados arredor de todas as achegas, contribuíu a mellorar o texto inicialmente elaborado pola Comisión.

A continuación presenta a estrutura do texto da proposta, constituído por 118 artigos agrupados en seis títulos, destacando que a estrutura interna dos mesmos, e a orde na que se presentan os seus elementos responde á vontade de reforzar o peso institucional dos elementos correspondentes e pon diversos exemplos. Finaliza a presentación subliñando o desexo de acadar un texto que constitúa un marco de coincidencias que, con pleno respecto á legalidade vixentes, facilite o desenvolvemento da xestión da Universidade e da súa función.

Tras esta exposición inicial o reitor da inicio ao debate, comezando polo título Preliminar, cedendo novamente á palabra ao profesor Bustillo, quen resume os contidos do mesmo e indica que se presentaron 5 emendas que foron asumidas pola Comisión, catro presentadas por Álvaro López Mira e unha por Ángeles Carballo. A continuación, dá conta das emendas que non foron aceptadas e a razón do rexeitamento así como da que deu orixe a unha transaccional.

Comézase a analizar con detalle as emendas ao artigo 1. O reitor indica que a emenda que foi rexeitada, a nº 3 ao artigo 1, foi admitida á debate no Claustro, e realiza a súa defensa o profesor Miguel Cuevas, quen indica que están de acordo co recollido pola Comisión e tan só quere referir que a súa intención era máis filosófica que xurídica entendendo que debía plasmarse un compromiso coa transparencia na Universidade. Na rolda de réplica o Prof. Bustillo explica que, coincidindo cos alegantes tanto no xurídico como na filosofía, entende que dito compromiso xa está especificado no texto, no artigo 1.4. e que o artigo que se quere engadir recolle o que está plasmado na lei de transparencia, de rango superior e de obrigado cumprimento, polo que non incrementa o poder deste artigo.

Non hai outros claustrais que queiran intervir. Realízase á votación da emenda, co resultado de 60 votos a favor do texto proposto pola Comisión, 21 a favor da emenda e 4 votos en branco, polo tanto mantense o texto da proposta.

Emendas relativas ao Artigo 2.- Fins. Explica o reitor que a emenda nº 4 relativa ao punto 4 deste artigo, presentada polo profesor López Mira foi aceptada pola Comisión ao igual que a emenda nº 5 relativa ao punto 7, presentada por Ángeles Carballo González foron aceptadas pola Comisión, polo que non é preciso votalas

Hai dúas emendas propoñendo a inclusión dun novo punto 2.12, presentadas por Álvaro López Mira e Javier Rial Boubeta (nº 6 e 7). A Comisión propón unha transaccional que engloba ambas propostas no punto 10 do artigo 2. Ambos emendantes manifestan o seu acordo, polo que queda incorporada.

Para finalizar o Título Preliminar, trátase a emenda nº 8: relativa ao Artigo 4.- Escudo oficial, presentada por Álvaro López Mira propoñendo que se complete o punto 3. A Comisión estima a emenda, incluíndo a descrición orixinal do escudo da Universidade que se indica na achega.

O reitor cede novamente a palabra ao voceiro da Comisión, Roberto Bustillo, para realizar a presentación do Título 1, Estrutura, Goberno e Administración da Universidade, destaca a potenciación do Claustro, así como os Centros, Facultades e Escolas, que incrementan o seu peso. Tamén dá conta de que a Comisión estimou 17 das emendas presentadas, sendo catro das correspondentes ao escrito encabezado polo profesor López Mira, catro do escrito encabezado por Jacobo Porteiro e 9 do escrito encabezado por Ángeles Carballo. De igual xeito, propuxo 8 transaccionais derivadas de emendas incluídas nos tres citados escritos.

En relación co Capítulo II. Sección Primeira. Artigo 12.- Composición, dá conta da emenda nº 9, presentada por Álvaro López Mira, que foi estimada pola Comisión. Prosegue coas emendas 10 e 11, presentadas por Óscar Moldes Pita e Tomás Díaz Casaleiro relativas ao punto artigo 12.3, afectando á composición do Claustro. Explica que neste punto se presentan tres opcións, a proposta pola Comisión,

que é a que máis se adecúa ao funcionamento de representación dos distintos sectores e as dúas propostas que son razoables e similares.

O reitor invita aos emendantes para que as defendan. Óscar Moldes indica que na Comisión había consenso na proposta, pero o estudantado perde un terzo da súa representación e, aínda que neste sector é difícil cubrir as prazas, estima que a solución no é reducir o % tanto, deixándoo no 25% e, ao tempo tomar medidas para fomentar a participación do estudantado, con apoio dende as institucións e o profesorado xa que, lembra que o 80% da comunidade universitaria son estudantes.

Non está presente Tomás Díaz. O reitor, antes de ceder a palabra a Roberto Bustillo, aclara que a proposta da importante redución da porcentaxe de representación do estudantado, para incrementar a de PAS e PDI xurdiu da representación deste sector na Comisión.

A continuación maniféstase o acordo entre os emendantes para que se manteña só a proposta de Óscar Moldes e o reitor pregunta se a Comisión está de acordo en asumila, xa que ese era o requisito que se expuxera par dita aceptación. Pregunta o reitor se algún membro do Claustro quere manifestar a súa opinión ou quere que se manteña o texto inicial da Comisión, xa que neste caso procederíase á votación.

Participa unha claustral que pregunta por que se o acordo entre emendantes supón a retirada do texto da Comisión, por que non se fai o mesmo con todas. Intervén outro membro do Claustro para indicar que quere manter o texto inicial da Comisión, xa que a distribución de representación.

Hai un claustrais que queren que se manteña o texto orixinal, porque a distribución do texto orixinal é máis acorde cos intereses que defende.

Intervén o Sr. Luis Pérez quen aclara que se os emendantes retiran a emenda, que son os que teñen a capacidade de facelo, non se podería votar, pero o texto da Comisión débese manter por que hai claustrais que así o queren.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger para manifestar o seu acordo conque se manteña a proposta da Comisión, porque non se lle pode furtar aos membros que a valoran positivamente, polo que quedarían dúas opcións de composición do Claustro, logo do consenso entre os dous emendantes.

Luis Pérez, como membro da Comisión de Modificación de Estatutos, manifesta que a discusión foi longa no seo da Comisión e se modificaron as porcentaxes dos Estatutos actuais porque a realidade actual é moi diferente a anterior, de igual xeito, o número de persoas dentro de cada sector son cambiantes.

O Sr. Xan Cebro, retira a petición de palabra polo que se procede á votación entre o texto da Comisión (vermello) e a emenda consensuada (azul). Resultado: a favor da Comisión 35, a favor da emenda: 52 e un voto branco.

Apróbbase a emenda e incorpórase ao texto.

Continúa o reitor informando da aceptación por parte da Comisión da emenda nº 12, relativa ao Capítulo II. Sección Primeira. Artigo 13.- Funcións. Punto 1, presentada por Ángeles Carballo González. Incorpóranse os puntos que se indican na proxección, derivados dos informes preceptivos que se recollen no artigo 16.

Cede a palabra a Xan Cebro que fai un inciso, para indicar que se incorporou tarde á Comisión, e fixo constar que nas funcións de Claustro non hai nada novo, nin hai funcións con calado. Considera que non cambios. Expón que nas universidades de USC e UDC a lo menos aproban o Plano estratéxico. Considera que todo é moi xenérico, polo que non debemos queixarnos da baixa participación no Claustro.

O reitor responde que se incluíron ata o máximo que permite a Lei. Roberto Bustillo engade que se engaden novas funcións, como a determinación dos requisitos que deben concorrer para constituír departamentos, algo que antes estaba fixado estatutariamente, agora propónse que sexa o Claustro.

Proséguese indicando que a emenda nº 13 Capítulo II. Sección Primeira. Artigo 13.- Funcións. Punto 2, presentada por Ángeles Carballo González tamén foi aceptada pola Comisión, que tamén propón unha transaccional, cun texto a engadir ao punto 13.2.

O reitor dá conta tamén da emenda nº 14 Capítulo II. Sección Segunda. Artigo 15.- Composición (Consello Goberno) punto 1.d, presentada por Ángeles Carballo González, que foi aceptada pola Comisión.

En relación coa emenda nº 15 Capítulo II. Sección Segunda. Artigo 15.1.g, presentada por Álvaro López Mira, indica que a Comisión propón unha emenda transaccional na que se recoñece a presenza con voz de catro representantes sindicais, pero sen voto, para non alterar o equilibrio de votos dentro do órgano colexiado de goberno.

O reitor cede a palabra ao profesor Miguel Cuevas para a defensa desta emenda. O profesor expón que se ben preferiría que tiveran voz e voto, pero aceptan a transaccional, xa que mellora o arco de representación sindical.

Con respecto á emenda nº 16 relativa ao Capítulo II. Sección Terceira. Artigo 20, presentada por Álvaro López Mira, o reitor indica que a Comisión desestimou a emenda, pero aceptou a súa defensa no Claustro. A presentación da mesma a realiza o profesor Miguel Cuevas, quen expón que o que se pretendía, fundamentalmente, era garantir a constitución e o funcionamento dos Consellos de Campus con independencia do goberno, e que os Estatutos recolleran esa obriga.

Roberto Bustillo dá a réplica indicando que o compromiso dos Estatutos coa desconcentración académica e territorial por Campus é claro e está recollido en varios artigos, dende o artigo 4.1 e tamén están reguladas a composición, as funcións, competencias dos Consellos de Campus, así como o seu funcionamento, polo que a Comisión entendeu que o proposto na emenda xa está incluído no texto.

O profesor Miguel Cuevas manifesta que retiran a emenda, polo que non é necesaria a votación.

Continúa o reitor expoñendo que en relación coa emenda nº 17, relativa ao artigo 21, presentada por Álvaro López Mira solicitando a presenza de representantes sindicais nos Consellos de Campus. A Comisión propón unha emenda transaccional. Roberto Bustillo explica que a Comisión considera axeitada a participación con voz de representación sindical, de xeito equivalente ao punto anterior pero a persoa emendante non presenta ningunha proposta concreta. Polo que se propón unha proporción similar, con voz pero sen voto. Intervén o profesor Cuevas para concretar a participación de 2 representantes sindicais: 1 da forza sindical máis votada do PDI e outro da máis votada no PAS, con voz pero sen voto. Esta modificación, se incorporaría á composición dos consellos de campus. Acéptase a transaccional.

Proséguese coa emenda nº 18: relativa á Comisión de Calidade, presentada por Álvaro López Mira, que foi desestimada pola Comisión pero acepta a súa defensa no Claustro. Realiza a presentación Miguel Cuevas, indicando que poderían retirar esta alegación, pero queren que se teña en conta o seu contido na redacción dos regulamentos que desenvolva o funcionamento da Comisión de Calidade.

O profesor Bustillo explica que este é o sentido de da simplificación dalgúns artigos dos Estatutos. Na actualidade as funcións que debe desenvolver esta Comisión son os que eles propoñen , pero o concepto e valoración da calidade é algo variable, polo que as competencias poder ser outras e consideran preferible que se recollan no regulamento de desenvolvemento. Os alegantes retiran a emenda.

Artigo 25. Comisión Electoral. Emenda nº 19, presentada por Ángeles Carballo González. Aceptada pola Comisión. A Comisión propón unha transaccional que se redactará en función de como quede o texto final da disposición adicional única.

Emenda nº 20, relativa á Comisión Electoral, presentada por Adela Sánchez Moreiras polo Comité PDI-Laboral. É desestimada pola Comisión, pero aceptada para a súa defensa diante do Claustro. O reitor cede a palabra á profesora Sánchez Moreira para a súa defensa. Solicitan que o reitor delegue a presidencia da Comisión cando un asunto que se trate na Comisión lle afecte directamente. Di que non solicitan o que recolle a lei: a inhibición no asunto, senón que delegue a presidencia, ao igual que o resto dos membros no caso de verse afectados. Considera que a súa presenza pode determinar o debate que se dea no seo da Comisión. Polo que solicitan que os Estatutos vaian máis aló do que impón a lei.

Responde o profesor Bustillo subliña que o que piden os demandantes xa o recolle a lei. Dá lectura ao artigo 23 da Lei 39/2015 de Réxime Xurídico, e subliña que di “se absterán de intervir en el procedemento” e ese texto recolle todo, referido a cando teña interese no asunto. E reitera que absterse no procedemento significa non só non participar na resolución, senón en calquera parte do procedemento polo que, estando de acordo co contido, non engade nada ao que xa esixe a lei aos funcionarios públicos nunha administración pública.

A profesora Sánchez insiste que non se trata de absterse senón de non estar presente, polo que, tras aclarar que todas as emendas corresponden ao Comité de empresa do DPI-L de Pontevedra, indica que manteñen a presenten emenda e solicita que se vote.

Intervén o Sr. Xan Cebro expón que, aínda que a lei o indique, manifesta o seu acordo coa emenda, e debe indicarse que o presidente ou calquera membro debe delegar no seu suplente no punto que lle afecte. Debe inhibirse na participación, e non vota, pero a delegación noutro membro para que poida participar na votación.

O profesor Bustillo aclara que a lei indica que a persoa deberá absterse, esa abstención implica non participar e polo tanto non ten que delegar, senón ser substituído pola persoa que estea prevista. E recalca que iso xa está recollido na lei. Polo que non se debe indicar neste caso si e noutros non, é un deber dos cargos públicos en tódolos casos.

O reitor dá paso á votación. Reconto: a favor do texto da Comisión, 60 votos. A favor da emenda: 18 votos. En branco: 6 votos. Polo tanto mantense o texto orixinal da Comisión.

Prosegue o reitor dando conta da Emenda nº 21, presentada por Álvaro López Mira, na que se propón a creación da Comisión de Internacionalización, explica que a Comisión á desestima pero acepta a súa defensa no Claustro. A presentación Miguel Cuevas.

O profesor Cuevas indica que os asinantes do documento recoñecen que na UVigo se teñen acadados moitos logros nos últimos anos no eido das internacionalización, pero consideran que exista unha Comisión que debería reunir as propostas de PDI, PAS e alumnado, para formular novas liñas de investigación que permitan a internacionalización en todas as áreas de coñecemento. Desexan que a emenda sexa votada.

O profesor Bustillo explica que na Comisión de modificación de Estatutos debateuse extensamente en que comisións deben existir, e en cales deben estar institucionalizadas e recollidas nos Estatutos. Considerouse que pode ser axeitado que exista unha Comisión de Internacionalización, pero entende que debe ser unha decisión tomada polos órganos de goberno en función das necesidades, pero no caso de incorporarse aos Estatutos é obrigatoria a súa creación, polo que acordaron deixar marxe de manobra.

O reitor reitera que a Comisión se considera interesante sen dúbida, pero segundo a liña de realizar uns Estatutos tipo carta magna, acordouse recoller neles tan só as comisións que xerarquicamente sexan imprescindibles.

Non habendo máis intervintes, procédese á votación da emenda, co resultado de 57 votos a favor do texto da Comisión, 15 votos a favor da emenda e 11 en branco.

Continúa o reitor indicando que a emenda nº 22. Sección oitava, relativa á Secretaria ou Secretario Xeral, artigo 32. Punto 3b), presentada por Ángeles Carballo González foi aceptada pola Comisión.

A continuación, comeza o debate das emendas presentadas en relación ao Capítulo III. Centros e unidades de docencia. Sección 1ª. Facultades e Escolas.

A emenda nº 23, en relación co artigo 36, presentada por Ángeles Carballo González, foi aceptada pola Comisión. En canto á emenda nº 24 referida ao Artigo 38, presentada por Álvaro López Mira, a Comisión propón, por unanimidade, unha emenda transaccional. Presenta o profesor Cuevas o texto proposto no que especifican como membros da xunta de centro a “Todo o profesorado con vinculación permanente da Universidade”, xa que os profesores titulares de Escola Universitaria que son funcionarios, pero non son doutores existía a dúbida de se pertencen ao PDI-A, que xas que xa se producira nas anteriores eleccións a

reitor. Pero tralo informe de Asesoría Xurídica na que se aclara que o PDI-A está integrado por todo o persoal docente funcionario (...) e a figura de Profesor Contratado Doutor, aceptan a transaccional.

A emenda nº 25 Artigo 38.2, presentada por Álvaro López Mira, foi aceptada pola Comisión. En canto á seguinte emenda, a nº 26, presentada tamén polo mesmo profesor, ofrecendo unha redacción alternativa ao artigo 39, a Comisión á desestima pero acepta a súa defensa no Claustro. Realiza a presentación o profesor Miguel Cuevas, indicando que coa proposta querían limitar a flexibilidade do texto da omisión para evitar algúns problemas xurdidos nalgunha situación previa.

O profesor Bustillo sinala que, moitas das emendas presentadas corresponden a temas que foron longamente debatidos na Comisión, pero optaron por unha redacción máis aberta, dada a variedade de posibilidades que se poden dar (Centros cun só título, centros con varios títulos, centros cun ou varios títulos compartidos con outros centros...). Pon como exemplo a Facultade de Dereito no que non se podería aplicar o texto proposto polos alegantes, En todo caso, o detalle da composición das xuntas de titulación (tendo, no seu caso, en conta as peculiaridades das distintas situacións que poden concorrer) corresponde ao desenvolvemento regulamentario dos Estatutos.

Os alegantes retiran a súa emenda, polo que non é necesaria a votación.

Os mesmos asinantes presentaron a emenda nº 27, relativa ao artigo 40. A Comisión a desestima pero acepta a súa defensa no Claustro, que realiza novamente o profesor Miguel Cuevas. O profesor expón que visto os argumentos presentados, consideran que a Comisión ten razón, polo que propoñen que a redacción quede como: “*A persoa coordinadora, secretaria ou secretario e vogais de cada Comisión serán elixidos polo PDI, PAS e alumnado do título oficial a través dun proceso electoral*”, xa que na súa intención non estaba excluír a ningunha parte da comunidade do centro

Na súa réplica, o profesor Bustillo, expón que sendo os títulos competencia do centro o normal é que a elección dos membros da Comisión académica se realice na Xunta de Centro. Considera que realizar un proceso electivo de xeito independente como propón a emenda non supón unha mellora fronte a que sexan os órganos propios do centro os que tomen a decisión, xa que neles están representados todos os colectivos.

Indica o profesor Cuevas que os que tomen a decisión teñen que ser partícipes do título, pero se ben a titulación está adscrita a un centro, o profesorado pode corresponder ser de varios centros, así como o alumnado dunha titulación pode non pertencer á xunta de centro.

Considerando esta situación, o profesor Bustillo estima que pode aceptarse a proposta.

Apunta o reitor que, dada a diversidade de situacións que poden producirse, non debería recollerse nos Estatutos, xa que podería ser problemático noutro caso, senón que deberían ser contemplados no regulamento de desenvolvemento. Replica o profesor Cuevas que a redacción deste artigo impediría unha modificación posterior no regulamento.

O profesor Bustillo expón que se unha titulación está adscrita a un centro, que a Xunta de dito Centro tome acordos en relación con dito título non presenta problemas xurídicos, xa que o centro é o que ten a responsabilidade do título, como define o artigo 8 da LOU. Que un órgano diferente tome estas decisións pode xerar inseguridade xurídica.

O profesor Cuevas entende a dificultade e propón que se busque unha transaccional na que se recolla “por proposta do profesorado do título...” ou un texto similar.

Paula Rivera concorda co reitor en que nos Estatutos non debe entrarse en detalles, pero considera que no caso de títulos intercentros ou incluso interuniversitarios, como os mestrados, poden presentarse problemas. Na súa opinión este artigo non se axusta a esa realidade.

Insiste o reitor en que a responsabilidade dun título corresponde a un centro, pero pode estar compartida con outro, e os detalles de dita compartición virán fixados polo correspondente convenio. Do mesmo xeito, a responsabilidade pode estar distribuída, cando dentro dun centro hai varias xuntas de titulacións. Estas situacións poden quedar definidas no regulamento, pero non nos Estatutos.

Establécese un intercambio de opinións que pecha o profesor Bustillo aclarando que a Xunta de Centro estaría obrigada a respectar nas súas decisións toda a normativa en vigor, polo que se o regulamento condiciona que a persoa coordinadora ou que ocupe a secretaría deben formar parte da titulación, deberán cumprilo.

Os emendantes retiran a proposta.

Continúa o reitor presentando a emenda nº 28, relativa ao artigo 41.2, presentada por Álvaro López Mira, que foi aceptada pola Comisión e a emenda nº 29 aos artigos 42 e 43, presentada por Ángeles Carballo, neste caso, a Comisión propón por unanimidade unha emenda transaccional.

O voceiro da Comisión explica que foi realizada unha consulta a asesoría xurídica, que sinala que, de acordo co réxime legal vixente, calquera membro da comunidades universitaria pode ser designado como vicedecano/a, subdirector/a ou secretario/a. Para que se puidese aplicar calquera restrición nese sentido debería realizarse recolléndoo explicitamente na normativa, de ser o caso. Á vista de tal explicación, e tendo en conta as sensibles funcións legais que lle corresponden na actualidade aos secretarios de órganos administrativos colexiados (velar pola legalidade formal e material das actuacións do órgano colexiado, certificar as actuacións do mesmo e garantir que os procedementos e regras de constitución e adopción de acordos son respectadas, art. 16.2 Lei 40/2015), propónse nos Estatutos limitar o exercicio das funcións de secretaría do art. 43 ao PDI ou PAS.

Prosegue o debate, entrando na Sección 2ª: Outros centros e unidades de docencia. A emenda nº 30 relativa á estrutura interna de dita Sección 2ª Presentada por Jacobo Porteiro Fresco, foi aceptada pola Comisión. No caso da emenda nº 31. Relativa ao artigo 44, presentada polo mesmo profesor, a Comisión propón unha emenda transaccional.

O profesor Porteiro expón que a transaccional que propón a Comisión é aínda máis ampla que o que solicitaban, polo que aceptan a transacción.

Tamén o profesor Porteiro presenta a emenda nº 32. Relativa ao artigo 44 apartado a), que é desestimada pola Comisión, pero aceptada para a súa defensa no Claustro. Comeza a súa exposición o profesor Porteiro agradece o traballo da Comisión e introduce unha serie de emendas que van dirixidas a defender que se recolla nos Estatutos o papel dos Departamentos como órgano de xestión máis próximo ao PDI e as áreas de coñecemento. Indica que na proposta inicial dos Estatutos existe unha diminución da presenza dos departamentos como entidade, desaparecen en gran medida as súas funcións, descrición de órganos, sen que exista ningún cambio de normativa de rango superior que que o xustifique polo que, a través das súas emendas queren recuperar a situación dos anteriores Estatutos.

Nesta emenda en concreto, introducen a coordinación que cita a LOU e engaden “desenvolvemento.

Na súa réplica o profesor Bustillo indica que pola coordinación no habería problema. Confirma que, en efecto, existe no texto unha rebaixa do nivel competencial dos departamentos con respecto aos Estatutos actuais, e indica que é unha aposta clara, buscando un modelo que simplifique a xestión da docencia, polo que trasladan o que recolle a la LOU, que refire a “coordinación da docencia” como propia dos departamentos e a xestión, do centro. Consideran que a coordinación se plasma no POD, polo que todo o relativo a el é labor do departamento, mentres que o relativo aulas, horarios, exames, cumprimento da docencia, etc. sería competencia do centro, como atribúe a LOU. En consecuencia, elimínase desenvolvemento dos puntos, para evitar confusións, deixando claramente establecidas as competencias.

Acordan ambas partes o texto seguinte:

a) A elaboración da proposta de plan de ordenación docente que lle corresponda, de conformidade coa normativa da Universidade e coas necesidades xustificadas polos centros, coordinando as ensinanzas que se lle atribúan.

Intervén o Sr. Xan Cebro para disentir do procedemento de actuación. Non está de acordo en que reuníndose o presidente da Comisión e os emendantes se poida modificar o texto consensuado na Comisión.

O reitor di que todos os membros da Comisión están invitados a participación. Explica que as transaccionais propostas pola Comisión para dar resposta a algunha das emendas foron pactadas, e enviadas aos emendantes, pero hai a posibilidade de que tras o debate, se poida chegar a un acordo a través dunha transacción. Para elo está o director, pero tamén se achegaron os membros do grupo de traballo que redactou o artigo.

Pregunta o reitor se algún membro do Claustro desexa manter o texto da Comisión. Non habendo ninguén que o manifieste, apróbase a transaccional

Emenda nº 33. Relativa ao artigo 44.apartado c) Presentada por Jacobo Porteiro Fresco. A Comisión a estima e incorpora a redacción proposta do apartado. Igualmente, a Comisión estima a emenda nº 34. relativa ao artigo 44.apartado d) presentada polos mesmos emendantes.

A Comisión tamén acepta a emenda nº 35 relativa ao Artigo 44.g), presentada por Álvaro López Mira. En canto á emenda nº 36 relativa ao artigo 45.2 presentada por Jacobo Porteiro Fresco, a Comisión a desestima pero acepta a súa defensa no Claustro.

O profesor Porteiro explica que neste caso o texto proposto confire a CG a capacidade de establecer medidas dirixidas á coordinación interdepartamental e á organización os departamentos. Na opinión dos emendantes, debería ser o Claustro o que teña a capacidade de organizar os departamentos, polo que propoñen que o texto lle confira esa potestade ao Claustro, mantendo a de fomento da coordinación ao Consello de Goberno.

Na súa réplica o profesor Bustillo explica que a idea da Comisión é dividir a competencia entre os órganos de xeito que ao Claustro lle compete a determinación do preceptivo, as normas que todos deben cumprir, brindando unha marxe de manobra para que o Consello de Goberno poida ofrecer vías de incentivación para que de xeito voluntario os departamentos poidan orientarse, de xeito que se encargue do dispositivo ou facultativo.

Responde o profesor Porteiro que cando se menciona “organización” enténdese reconfiguración, fusión, etc., considerando que se asignan ao CG maiores capacidades maiores que as que expón a Comisión. Solicita a votación da emenda.

Roberto Bustillo propón que se elimine a palabra “organización” e, polo tanto, proponse aceptar a emenda

O reitor subliña que na Comisión non existía a intención de atribuírselle esa competencia ao Consello de Goberno, polo que se acepta a emenda, xa que ningún membro do Claustro propón manter a proposta inicial.

Prosegue o reitor coa emenda nº 37, relativa ao artigo 46. Título e presentada por Jacobo Porteiro Fresco, foi estimada pola Comisión, ao igual que a emenda nº 38 Artigo 46.2, presentada por Ángeles Carballo González.

A seguinte emenda, nº 39, relativa ao artigo 46.2, presentada por Jacobo Porteiro Fresco foi desestimada pola Comisión, pero acepta a súa defensa no Claustro, efectúa a presentación o profesor Porteiro.

Explica que cando se redactou a emenda creron que se debería incluír a todos os PDI a tempo completo. Lendo a resposta da Comisión e analizando a situación de departamentos de distintos tamaños, entenden que a inclusión de FPI, PFU, e profesores axudantes como membros natos, pode desestabilizar a algúns departamentos con pouco PDI-A. Polo tanto o reconsideran e retiran a emenda.

A emenda nº 40 Artigo 46.5, presentada por Ángeles Carballo González, foi aceptada pola Comisión.

Tamén en relación ao artigo 46.5 o profesor Jacobo Porteiro presenta a emenda nº 41, a Comisión a desestima, aceptando súa defensa no Claustro. O profesor Porteiro expón que é importante limitar o número de mandatos consecutivos dos directores de departamento. Esta debería ser a norma para todos os cargos electos unipersoais, engade, xa que favorece a saúde democrática e a incorporación de persoas novas aos cargos. Polo tanto, opinan que debe ser limitado a unha única reelección e, no caso de colectivos pequenos, a necesidade de que algunha persoa se presente á elección debería resolverse debería resolverse de outra maneira, sen que o cargo se perpetúe no tempo.

O profesor Bustillo indica que en materia de elección de cargos, tan lexítimo é prever que exista limitación de mandatos, como que non exista. No texto da Comisión optouse por manter a limitación de mandatos no caso do reitor e do valedor, pero non para o caso e decanatos e direccións de departamento. O que non tería sentido sería establecer unha diferenza entre estes dous cargos, polo que a decisión que se tome, deberá ser para ambos.

Explica o reitor que se mantivo un debate intenso na Comisión e aprobouse por maioría, non por unanimidade, manter a flexibilidade dos cargos de dirección de centro e departamento, para que fora no Claustro no que se levara a cabo o debate. En ningún caso se flexibilizaría o cargo de reitor. E subliña que no caso de que o acordo tomado se aplique a ambos. O voceiro da Comisión recalca que no texto, de considerarse, debería incluírse que se limite a unha única reelección consecutiva.

Procédese á votación, co resultado de: votos á favor da Comisión: 4; votos a favor da emenda: 61. Votos en branco, non hai. Polo tanto, acórdase a limitación de mandatos consecutivos para todos os órganos unipersoais.

Continuando coas emendas, a nº 42, relativa ao artigo 46.6 presentada por Ángeles Carballo González foi aceptada pola Comisión. A nº 43, correspondente ao artigo 46.6 presentada por Jacobo Porteiro foi desestimada, pero aceptada para a súa defensa no Claustro. Realiza a presentación o profesor Porteiro que refire que na emenda se recollen as funcións do director de departamento, non incorpora inclúe funcións novas, simplemente se recollen as actuais. Considera que, por analoxía co artigo no que se recoñecen as funcións da persoa que ocupa a dirección de centro, deberían facerse explícitas.

O profesor Bustillo indica que, a pesar de que a idea era simplificar ao máximo, xa que non hai ningunha das funcións que non se deriven de normativa superior, pero non hai motivo polo que non se poida recoller, pero corrixindo algunha das competencias non se poden incluír. Por exemplo é necesario modificar a da presidencia das comisións.

O reitor concede 3 minutos para que os emendantes e os membros da Comisión acorden un texto. Buscando equilibrio cos directores de centro, concretando as funcións, sen incrementalas.

Redactan un texto, que quedaría como se recolle na páxina 63 do documento anexo, correspondente á proxección no Claustro. Acéptase por asentimento.

As emendas nº 44 Artigo 48.3 nº 45 Artigo 49.2 presentadas por Ángeles Carballo González foron rexeitadas pola Comisión, pero propóñense sendas transaccionais, aprobadas por unanimidade pola Comisión.

Iníciase o debate dos artigos correspondentes ao Título II Comunidade Universitaria. Capítulo I. Disposicións xerais, realizando o voceiro da Comisión unha presentación xeral do Título.

Emenda nº 46. Relativa ao artigo 53.e presentada por Álvaro López Mira. A Comisión á desestima porque considera que a palabra “económico” está dentro do social, e querían reducir o aspecto economicista. Realiza a defensa da proposta o profesor Miguel Cuevas que explica que precisamente a súa intención era separar o económico do social porque ás veces ambos non van na mesma dirección (por exemplo en cuestións de sustentabilidade social, ambiental..). Explica o reitor que precisamente por iso dáse relevancia ao social, diminuindo a relevancia do económico. Diante de ese comentario, retiran a emenda.

Emenda nº 47. Relativa á Sección Cuarta. Valedora ou Valedor universitario. Presentada por Ernesto Vázquez-Rey Farto. A Comisión á desestima por entender que non se axusta a un precepto legal, pero acepta a súa defensa no Claustro e apunta a necesidade de chegar a unha transaccional que recolla algúns dos puntos, se se estima oportuno, despois do debate. Presenta a emenda Ernesto Vázquez-Rey indicando que versa sobre o mantemento do Tribunal de Garantías, xa que se perdería a representación da comunidade universitaria na resolución dos conflitos, polo que pretendía a inclusión dun novo Título denominado Garantías Xurídicas. Entenden os emendantes que esta opción non ten encaixe coa lei do SUG, pero consideran que hai varios puntos que teñen cabida nos artigos 58, 59 e 60 do proxecto de Estatutos, e dan lectura a dita proposta, que inclúe unha modificación na duración do mandato do Valedor, a posibilidade de presentación de informe anual ante o Claustro, así como algunhas posibles actuacións para esta figura que estaban contidas na anterior regulación.

O reitor explica que o cambio ven motivado pola Lei do Sistema Universitaria Galega, polo que o rexeitamento da emenda era máis formal que conceptual polo que pódese intentar chegar a un acordo. Ofrécese un tempo de negociación entre os emendantes e os membros da Comisión para intentar acordar unha proposta transaccional. Tras este tempo, preséntase unha proposta de acordo que inclúe un novo artigo 58.5 que recolle a creación dunha Comisión asesora así como outros cambios que se recollen na páxina 76 do documento anexo e que é aceptada polo Claustro.

Prosegue o reitor expoñendo que as emendas nº 48 relativa ao artigo 62 presentada por Ángeles Carballo González e a nº 49 referida ao artigo 64 punto 1 apartado m presentada por Bettiana Marcela Hidalgo son aceptadas pola Comisión.

En canto á emenda nº 50, relativa ao dereito do alumnado a recibir a súa formación en galego (artigo 64 punto 1 apartado o), presentada por Álvaro López Mira, a Comisión propón unha transaccional xa que, como expón o voceiro da mesma, a Comisión está de acordo co dereito expresado na emenda, polo que pode estar recollido nos Estatutos, pero definir como debe levarse a cabo, e cuestión de política universitaria, polo que non debería incluírse.

Replica Miguel Cuevas é que o sentido da proposta é precisamente non deixar este tema para a política universitaria, senón que tratándose da lingua oficial da Universidade e sendo minoritaria e minorizada, debe estar recollida. Aceptan á transacción.

Proséguese coa emenda nº 51 ao artigo 64 punto 2, presentada por Bettiana Marcela Hidalgo, relativa ao paro académico, que foi aceptada pola Comisión. En relación coa emenda nº 52 ao artigo 69.6, formulada por Ángeles Carballo, a Comisión, por unanimidade, propón unha emenda transaccional. Roberto Bustillo explica que intentouse incluír unha redacción máis clara do xeito de revogar a presidencia do Consello de Estudantes da Universidade de Vigo. Acéptase a transacción.

Continúa a exposición das emendas aos artigos do Capítulo III. Persoal Docente e Investigador (PDI). Sección primeira. Disposicións xerais

Presentáronse tres emendas ao artigo 75. Integrantes e selección.

O profesor Jacobo Porteiro realiza a presentación das emendas nº 53 e 54. Á primeira refírese á pertinencia de que se reflecta a composición das comisións de selección do PDI nos Estatutos, xa que se establece na LOU, entende que esa parte se acepta. Na seguinte emenda propoñen a composición das comisións por 5 membros. En relación ás dúas propostas de transacción propostas pola Comisión, que contemplan dúas composicións de 3 e 5 membros, refire que a Comisión de tres membros, especialmente para as prazas de tempo completo, que dan lugar a bastantes recursos, a consideran moi limitada xa que no caso de ausentarse un membro quedarían formada con dous. , mesmo incluso con dificultades, por ausencia de un deles, pero si que podería ser axeitada para as Comisións específicas de área ou para as de selección de profesorado a tempo parcial, asociados e listas de agarda. Conclúe que no caso de escoller, manteñen a proposta de que sexan cinco.

A profesora Adela Sánchez presenta a emenda nº 55, formulada por e Comité PDI-laboral de Pontevedra. Expón que tamén solicitaban a inclusión nos Estatutos da formación das comisións de selección, igualmente solicitaban que foran de 5 membros, aínda que poderían achegarse ao exposto polo prof. Porteiro de reducir a tres os membros para a selección de profesorado a tempo parcial. Pero indican que debe recollese a presenza de representación sindical nas comisións de prazas de PDI, como levan tempo solicitando. Aclara que xa se fai nas prazas de PDI-B polo que solicita que se inclúa en todas e engade que diante da súa solicitude, no Claustro se dixera hai un tempo que non se podía abordar este tema porque habería que mudar os Estatutos, e por ese motivo considera que é o momento de debatelo. Subliña que non se entende a explicación con que responde a Comisión, xa que na USC se fai nas prazas de PDI-A deste xeito, en aras da protección dos candidatos.

O voceiro da Comisión explica as emendas transaccionais que se propoñen. Indica que cinco é un número que está ben estendido no ámbito universitario pero que ultimamente moitas universidades empezan a reducir a tres por cuestións de operatividade e, para garantir que non existen problemas se convocan a tres membros máis un suplente. Non ve dificultade na proposta de 3 membros para PDI-B e 5 para PDI-A,

polo que se consultará coa Comisión. En relación coa representación sindical, di que o recoñecemento da presenza da representación sindical nas comisións de selección do PDI-B en Estatutos é un paso importante, xa que se institucionaliza. Non existe impedimento xurídico para que se faga no caso do PDI-A, pero a natureza das probas é distinto. Xa que no caso de PDI-B valóranse obxectivamente méritos. Pero no caso de PDI-A hai que ter unha formación específica para formar parte da Comisión, para poder valorar os dous exercicios públicos dos que consta a proba.

Responde a profesora Adela Sánchez insistindo en que non se entende a incompatibilidade da presenza dun representante dos traballadores con voz pero sen voto nas deliberacións, como observadores. Lembra que nalgún caso foi mesmo solicitado por algún candidato. Entende que a Comisión neste caso tamén hai un baremo para a valoración dos méritos, polo que non encontran diferenza entre os dous casos. Replica o profesor Bustillo, que a Comisión considera relevante a presenza no tribunal, xa que calquera podería estar presente no acto público.

Intervén o reitor en relación á presenza de representantes sindicais nas comisións, lembra que a Universidade de Vigo é unha das poucas universidades que realizan unha equivalencia total dos procesos de selección do PDI CD e dos TU polo que, calquera alteración dun proceso para CD debilitaría a consecución destas figuras. Engade que nos tribunais deliberativos non pode participar persoas que non sexan elixidas para tal deliberación, sen que sexa óbice para que se melloren os procesos de selección dos membros ou de funcionamento. En relación coa transacción referida ao número de membros, darase un tempo para lograr un acordo, e en función do resultado proporase a votación, xa que hai unha das emendas que se mantén.

Tras o tempo concedido para o intercambio de opinións, non se logra un texto de acordo, polo que se deberá votar entre as dúas transaccionais iniciais e que se recollen no anexo: cor vermella (preferida pola Comisión), tribunais de tres membros; azul, tribunais de 5 membros.

Adela Sánchez expresa o seu desconcerto polo feito de que non se permita votar a transaccional, xa que en casos anteriores se votaron outras transaccionais sen pedir a aceptou sen consultar a todos os membros da Comisión e indica que a transaccional era 3 membros para as comisións de PDI-B e 5 para PDI-A.

O reitor pregunta novamente e o profesor Bustillo explica que non hai acordo entre os membros da Comisión, xa que hai partidarios de tres membros nas dúas, partidarios de 5 membros nas dúas e de tres nun caso e cinco noutro.

A profesora Sánchez reitera que nos casos anteriores non se consultou a todos os membros da Comisión. O reitor explica que cando se acorda un texto na sala, os membros da Comisión están presentes, e que antes de aprobar a transacción pregúntase se algún quere manter o texto proposto pola Comisión. Lembra cando o Sr. Cebro manifestou o seu desacordo coa actuación, e preguntouse en voz alta se todos estaban de acordo e reitera que nunca se aprobou ningunha transacción sen acordo dos membros da Comisión. Neste caso o voceiro da Comisión transmite que non existe acordo entre os seus membros polo que se procederá á votación.

Intervén o profesor Bustillo para insistir en que ningunha das transaccións pactadas no Claustro foron aprobadas sendo el consciente de que un só dos membros da Comisión estivera en contra do acordo. Neste caso, a pesar de que el esmo era partidario da transacción, non hai acordo na Comisión, polo que non pode ser aceptada e débese proceder á votación.

Procédese á votación:

1ª transaccional (cor vermella): 9 votos

2ª transaccional (cor azul): 45 votos

Branco: 11 votos

Polo tanto, apróbase a segunda opción de texto para o artigo 75.4 que recolle a composición das Comisións de selección compostas por cinco membros pertencentes aos corpos docentes da mesma área de coñecemento.

A profesora Adela Sánchez mantén a emenda relativa á presenza de representación sindical nas comisións de selección de profesorado PDI-A. A votación realízase considerando o texto aprobado anteriormente en cor vermella e o texto de esta emenda, cor azul.

Resultado: vermello: 40; azul 17; branco: 9, polo tanto, a emenda resulta rexeitada.

Continúa o debate tratando a emenda nº 56, presentada por Álvaro López Mira, que foi desestimada pola Comisión, pero admitida para a súa defensa no Claustro. O profesor Miguel Cuevas, no nome dos emendantes, retira a emenda.

Emenda nº 57, relativa ao artigo 78, presentada por Adela Sánchez no nome do Comité PDI-laboral de Pontevedra. A Comisión estima esta emenda, polo que reescíbese este artigo recollendo o texto desta emenda.

Continuando co artigo 80: Cadros e promoción, presentouse a emenda nº 58 por Álvaro López Mira, relativa ao punto 4. A Comisión propón por unanimidade unha transaccional que é presentada polo voceiro da mesma. Explica que a Comisión acepta a inclusión expresa do termo “equilibrio”, pero dito equilibrio non pode estar ligado unicamente ao labor docente, polo que cambia o texto para non destacar unha función ou actividade por encima das demais.

O profesor Miguel Cuevas traslada que os emendantes aceptan a transaccional pero matizan que querían reflectir o que se cita no informe sobre o estado da avaliación externa da calidade das universidades españolas 2016 da ANECA, do cal cita un parágrafo que relaciona un menor número de estudantes por profesor a Templo completo cun maior número de tramos de investigación.

Aceptada a transaccional, pásase á emenda nº 59 relativa ao artigo 80.4, presentada polo Comité PDI-laboral que foi desestimada pola Comisión pero aceptada para a súa defensa no Claustro. Deféndea o profesor González Santamaría. Expón que teñen argumentos sólidos que emanan de directivas europeas como a 97/81 que instan á supresión de discriminacións contra os traballadores a tempo parcial e mellorar a calidade do traballo a tempo parcial. Como consecuencia ten habido moitas sentenzas, mesmo de Galicia, que están a formar unha sólida xurisprudencia que non se pode obviar nos Estatutos, xa que o existiría o risco de accións xudiciais. Agradece a actuación da Comisión de modificación de Estatutos da que forma parte, polo seu traballo e o xeito de desenvolver a súa actividade, pero considera que este punto da proposta de Estatutos contradí o exposto polo voceiro de que dotarían a Universidade de flexibilidade.

Expón que moita xente opina que os profesores asociados dedican pouco tempo á Universidade, pero destaca que hai moitos que promocionaron a figuras estables. Indica que a Universidade de Vigo aprobou no CG de 7/5/2013 aprobou un programa de promoción do PDI no que se contemplaba a participación do PDI a tempo parcial e con contrato de duración determinada. De igual a Universidade de Salamanca tamén ten un programa de formación para o persoal a tempo parcial que se desenvolve dende hai, polo que non se pode argumentar que vai en contra da legalidade. Engade que pretenden un dereito que regulamentariamente se determine a que figuras se pode optar a través da promoción. Finaliza indicando que se trata de restituír unha normalidade xa existente noutro tempo.

O profesor Bustillo refire a empatía que se pode sentir con profesores asociados que non tiveron outra vía de empatar coa carreira docente universitaria e tratan de promocionar e consta que a Universidade estivo buscando vías. Por iso, engade, solicitouse o informe a Asesoría Xurídica (1/02/2017) para determinar o posible alcance das actuacións. Dá lectura ao parágrafo de dito informe que se recolle na páxina 96 do anexo *“a contratación de profesores asociados non forma parte da carreira académica das persoas que opten por dedicarse profesionalmente na Universidade con vistas de converterse en PDI a tempo completo. Ademais, polas propias notas que caracterizan ao contrato de profesor asociado, consideramos que existirían razóns obxectivas que xustifican que os profesores asociados teñan un trato diferente con respecto ao PDI a tempo completo, sen prexuízo da posibilidade que terían de participar en procedementos selectivos abertos e competitivos sempre que reúnan os requisitos exixidos na respectivas convocatorias”*. Engade que a saída xurídica a esta situación non debe estar recollida nos Estatutos, xa que o profesorado asociado non forma parte da carreira académica. Insiste en que se poden buscar solucións, pero non incorporando aos Estatutos esta promoción dunha figura que non forma parte da carreira académica, o que ocasionaría un problema de legalidade.

O profesor González Santamaría disinte e indica que se hai figuras de investigación que non están na carreira académica pero mantéñense nos programas de promoción.

Intervén o reitor para engadir no nome da Comisión en que hai que diferenciar entre dereito á promoción e políticas de incentivación ao acceso. Estes incentivos, como os programas nos que esas figuras eran favorecidas nos méritos alegables para o acceso a unha praza, forman parte da política, pero non dos dereitos. Subliña que a Comisión considera que non se pode introducir a promoción de persoal que en senso estrito non forman parte do persoal da Universidade, senón doutras empresas ou organizacións. Outra cousa é que se faciliten pasarelas para as persoas que desexen pasar do mundo profesional ao académico. Indica tamén que as sentenzas refírense ao persoal laboral ou persoal interino, que non aos profesores asociados.

Procédese á votación, co seguinte resultado: 46 votos a favor do texto da Comisión, 6 votos a favor da emenda e 4 votos en branco, polo que desestímase a emenda.

Emenda nº 60, do Comité PDI-laboral, relativa ao artigo 85 que foi desestimada pero admitida para a súa defensa no Claustro. Presenta o profesor González Santamaría que defende a necesidade de que se recoñeza o labor investigador na transferencia de resultados de investigación. Así mesmo, este colectivo, como PDI da Universidade, poderá participar na avaliación das actividades docentes, investigadoras e de xestión do profesorado universitario, directriz recollida na Lei Orgánica de Universidades (LOU),

Responde o profesor Bustillo explicando que a Comisión considera que o recoñecemento dos labores do PDI xa figura con carácter xeral no art. 78 e non considera oportuno incluír no artigo que regula a contratación do profesorado asociado o recoñecemento de labores de investigación ou xestión que os profesores asociados poden desenvolver se o desexan pero que non forman parte das súas obrigas contractuais.

Mantense a emenda, polo que se procede á votación. Resultado: 46 votos a favor do texto da Comisión, 5 votos a favor da emenda e 0 votos en branco, polo que desestímase a emenda. Desestímase a emenda.

Emenda nº 61 ao Artigo 87. Profesorado emérito, presentada polo Comité PDI-laboral. A Comisión por unanimidade propón unha transaccional que presenta o voceiro, indicando que propoñen unha modificación do texto para que os méritos valorados para ser nomeado profesorado emérito deben ser “docentes e investigadores”, non “docentes e/ou investigadores”. Os emendantes aceptan a transaccional.

Continúa a sesión abordando o debate da emenda nº 62, única presentada ao Título III. Creación e Transmisión do Coñecemento, relativa ao artigo 98. Foi presentada por Álvaro López Mira e estimada pola Comisión, polo que incorpora esta redacción do artigo ao texto dos Estatutos.

No Título IV. Réxime Económico e Financeiro da Universidade, o profesor López Mira presentou a emenda nº 63 propoñendo á incorporación dun novo artigo, no. 115 que recolla o compromiso da UVigo de introducir criterios que garantan un reducido impacto ambiental durante o ciclo de vida e criterios que garantan compra socialmente responsable en todos os procesos de compra pública. A Comisión á desestimou pero acepta a súa defensa no Claustro. Na súa defensa, o profesor Miguel Cuevas indica que, entendendo a argumentación da Comisión, consideraban que o texto dos Estatutos semellaban incompletos sen recoller este aspecto da sustentabilidade social e ambiental. Estiman que a pesar de que xa estean tratados na normativa estatal, conviña incluílos como cuestión de filosofía para a contextualización dos procesos.

Refire o profesor Bustillo que, ao igual que en casos anteriores, a Comisión coincide coa filosofía da emenda proposta, pero non se recolleron porque xa están recollidos nos artigos 81, 117, 118 e 119 do vixente texto refundido da Lei de contratos do sector público en vigor e tamén están incluídos na nova Lei de contratos do sector público que entrará en vigor proximamente.

Os propoñentes manteñen a emenda, polo que procédese á votación, co resultado de 23 votos a favor do texto da Comisión, 18 a favor da emenda presentada e catro votos en branco. Desestímase a emenda.

Continúa o reitor presentando o Título V. Reforma dos Estatutos, Disposición adicional única. Esgotamento da vía administrativa. O profesor Bustillo presenta o conxunto das disposicións finais que se propoñen. Indica que todas elas son puramente técnicas, excepto esta disposición adicional para a cal a

Comisión presenta dúas redaccións entre as que hai que decidir. Trátase dun texto que necesariamente hai que incluír nos Estatutos e que define o modo de impugnación dos acordos, o esgotamento da vía administrativa. Explica que os actos órganos superiores das universidades (Consello de Goberno, reitor) poñen fin á vía administrativa o que abre a posibilidade de que poidan ser impugnados directamente ante a xurisdición contencioso administrativa, mentres que os actos doutros órganos teñen que ser recorridos previamente en vía administrativa. Nos actuais Estatutos, seguindo o modelo da USC, prevese que se eses actos proceden dun órgano unipersoal son recorribles ante o reitor, pero cando proceden dun órgano colexiado prevese que sexan recorribles en alzada. Esta é a liña que se presenta na Opción B.

A Comisión propón a Opción A, que é a que seguen a meirande parte dos Estatutos das universidades españolas, que refunden todos a resolución de recursos administrativos diante do reitor. Xustifícase porque a resolución dun recurso é un acto puramente xurídico que emprega os argumentos xurídicos que se inclúen no informe preceptivo emitido por Asesoría Xurídica. Non ten sentido que, como acontece na actualidade, eses argumentos xurídicos podan ser desautorizados nun órgano colexiado, como o Consello de Goberno con argumentos políticos, por votación que pode ser secreta, polo que se desvirtúa tamén a responsabilidade xurídica dese acto. Por este motivo, a Comisión defende a opción A, que despolitiza a resolución de recursos e deixa a responsabilidade xurídica nas mans do reitor.

Procédese á votación das opcións, co seguinte resultado. Opción A: 34 votos. Opción B: 10; votos en branco: 5. Polo que se incorpora o texto da opción A.

Antes de finalizar, intervén Ernesto Vázquez-Rey para lembrar que a transaccional aprobada en relación coa figura do valedor ou valedora universitaria, repercute na redacción da Disposición Transitoria 2ª. Acórdase incluír un texto que recolla que o Tribunal de Garantías seguirá transitoriamente en funcións ata que expire o vixente mandato dos seus membros, ata que entren en vigor os novos Estatutos que regulan a figura do valedor ou valedora universitaria.

O reitor expón que finalizado o debate en torno ao texto dos Estatutos, cumpriría tomar a decisión de se son aprobados por unanimidade ou se procede á votación. Lembra que habería que proceder a verificar o quórum necesario que debe ser maioría absoluta en primeira votación (97 votos) e dous terzos dos claustrais en segunda (64 mínimo).

O profesor Reigosa Roger expón que a aprobación dos Estatutos require, por normativa, un número de claustrais moi superior ao que está presente na sesión. Entende que non poden aprobarse por asentimento e suxire que debe adiarse a súa votación. Por outra banda, lembra que no casos de anteriores Estatutos a votación realizouse nominalmente. Opina que a votación da carta magna da Universidade de Vigo debe realizarse en urna, coas debidas garantías, máxime cando houbo un nivel extraordinario de consenso dentro da Comisión, na que estaban representados o goberno, a oposición e persoas independentes. Aproveita para agradecer o papel levado a cabo polo presidente e o secretario da Comisión polo seu traballo, así como a todos os membros.

Concorda o reitor coa necesidade de suspender a sesión, convocando para o día seguinte ás 10h da mañá a continuación da sesión e proceder á votación nominal do texto dos Estatutos.

Un membro do Claustro pregunta se sería posible iniciar a votación nominal na sesión actual con apertura da urna, interrompendo a votación para continuala ao día seguinte ou pola tarde do mesmo día.

Establécese un intercambio de opinións entre os claustrais na busca dunha posibilidade factible de tal votación. Formúlase dúbidas xurídicas no desenvolvemento de dito proceso, polo que se solicita unha consulta xurídica. (Durante o tempo de realización de dita consulta, o reitor comeza o punto dous da orde do día, que neste acta se expón á continuación deste, para manter a orde prevista).

Tras dita consulta, a Secretaria xeral explica en primeiro lugar que é xuridicamente correcto interromper a sesión e continuala ao día seguinte, sempre e cando exista o quórum preciso en ambos momentos e todo quede perfectamente recollido en acta. Non obstante, desaconséllase dito procedemento para realizar a votación da norma básica da Universidade, xa que sería susceptible de recurso ou mesmo de impugnación de non poder garantir o quórum necesario nun momento da votación. Por elo, parece máis axeitado suspender a sesión e continuala ao día seguinte para a realización da votación.

O Sr. Filemón Rivas solicita que se manteña a urna aberta durante un período amplo para permitir a votación das persoas que acoden dende outros campus. Responde o reitor que a sesión reiniciarase abríndose a urna cando se verifique o quórum e despois darase un tempo para a votación.

Preguntan tamén se a votación correspondería á primeira votación ou á segunda. O reitor indica que ao intentar a aprobación por unanimidade, pero non haber o quórum suficiente, tivo que ser invalidada, polo que contaría como segunda votación.

Punto 2 .- Eleccións a Claustro Universitario: aprobación, se procede, dos agrupamentos de centros co fin de constituír as circunscricións electorais para o sector doutro persoal docente e investigador.

Explica o reitor que, pese a tratarse dun Claustro extraordinario, introduciuse este punto na orde do día pola necesidade de aprobar os agrupamentos de centros para constituír as circunscricións electorais do PDI-B, paso previo para o inicio do proceso de eleccións a reitor ou reitora e a Claustro Universitario. Dá conta do agrupamento de centros proposto (3 no Campus de Ourense, 2 no Campus de Pontevedra e 4 no de Vigo).

Aclara a secretaria xeral que o agrupamento realízase en base a ámbitos no Campus de Vigo, e en todos intentando un equilibrio no número de electores. O que non implica que teñan que desprazarse para votar nun único punto, xa que cada centro académico terá a súa mesa electoral, con excepción dos centros de apoio a investigación, polo que neses casos se agrupan co centro académico máis próximo.

Apróbase por asentimento.

Rematado o debate da proposta de texto dos Estatutos e non habendo quórum suficiente para proceder á súa votación, e tras tratar o punto 2 da orde do día, suspéndese a sesión ás 15:10 h do día 18 de xaneiro de 2018 para proceder á súa continuación o día 19 de xaneiro ás 10:00h.

Segundo o acordo tomado o día 18 de xaneiro e a convocatoria realizada, hoxe día 19 de xaneiro de 2018, tras acadar o quórum requirido de 64 claustrais, continúaase a sesión do día anterior ás 10:30 h co obxecto de proceder á votación do proxecto de Estatutos da Universidade de Vigo.

O reitor comunica o acordo da Mesa do Claustro para a apertura da urna, que permanecerá aberta ata as 11:30 h para a realización da votación, momento no que se procederá ao recuento de votos. Lembra o quórum cualificado preciso:

Número total de claustrais: 192.

Número de votos precisos en 2ª votación: 2/3 dos presentes, sempre que estean presentes 96 claustrais, como mínimo.

Diante da comunicación de que algúns claustrais estaban de camiño, a Mesa acordou prolongar a votación ata ás 11:45 h.

Ás 11:55 h procédese á apertura da urna e ao recuento de votos:

88 claustrais presentes, 86 votos emitidos, co resultado seguinte:

79 votos a favor, 2 en contra; 5 en branco e 2 abstencións

Finalizado o recuento, o reitor agradece o compromiso dos claustrais que asistiron a esta sesión e manifesta o seu malestar por non ter acadado o quórum necesario pola ausencia de 8 claustrais. Denuncia a falta de compromiso daquelas persoas que sendo representantes dun sector non participan neste órgano, non asiste e mesmo non xustifica a súa ausencia. E para poñer de manifesto esta situación, dá conta das porcentaxes de participación na sesión do Claustro dos representantes de cada un dos sectores:

- PAS: 16 presentes dos 26 representantes (61,5% de participación dentro do seu sector)
- PDI-A asistiron á votación 64 dos 120 representantes (53,3%).
- PDI-B participaron 4 dos 14 representantes (28,6%).
- Estudantado: participaron 4 dos 32 representantes (12,5%).

O reitor comunica o acordo da Mesa de convocar unha sesión extraordinaria do Claustro para o mércores 24 de xaneiro ás 10:30 h, para proceder a unha nova votación; e explica que nesta ocasión procederá á apertura da urna cando se acade o quórum cualificado. Fai unha chamada a todos os claustrais para que exerzan a súa responsabilidade ou, de non podelo facer por causa xustificada, o comuniquen axeitadamente.

Finaliza a sesión ás 12:30h do día 19 de xaneiro de 2018 do que eu como como secretaria xeral dou fe, co vº. e pr. do reitor.

O reitor

A secretaria xeral

Salustiano Mato de la Iglesia

Gloria Mª Pena Uris